Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

SOLICITUDE

César Santiso, con DNI 32.799.972V, como portavoz da sección sindical de Comisións Obreiras na Deputación Provincial da Coruña,

EXPÓN

- Que o 13 de decembro de 2017, CCOO rexistrou unha solicitude para reducir o horario durante o Nadal. A dita solicitude tiña o seguinte tenor literal:

> *- Que a Deputación Provincial ten aprobado un horario de verán no que se reduce a xornada nunha hora diaria, sendo o período obrigatorio de presenza das 9:00 ás 14:00 h.*
>
> *- Que o dito horario supón unha ferramenta efectiva para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral*
>
> *- Que no Nadal xorden as mesmas necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que durante o período estival*
>
> ***Polo que SOLICITA***
>
> *- Que durante o período de vacacións escolares do Nadal se apliquen as mesmas medidas que durante o horario de verán*

- Que a Corporación, como consecuencia dun proceso negociador con CCOO que incorporaba outra serie de acordos, aceptou a devandita solicitude establecendo un horario especial de Nadal dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro en concordancia co calendario escolar establecido pola consellería de educación.

- Que en datas similares dos anos 2018, 2019 e 2020, CCOO volveu a solicitar a implantación do horario de Nadal, aceptando a Corporación o seu establecemento.

- Que a Consellería de educación estableceu o período que transcorre do 22 de decembro ata o 7 de xaneiro como vacacións no calendario escolar 2020.

Polo que, **SOLICITA**

- Que durante o período de Nadal, comprendido entre o 22 de decembro e o 7 de xaneiro (ambos inclusive), a Corporación aplique as mesmas medidas que durante o horario de verán como xa ven realizando nos últimos anos, e que estas afecten a todo o persoal que presta os seus servizos na Deputación da Coruña.

A Coruña, a 15 de decembro de 2021

César Santiso
Portavoz de CCOO na Deputación

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
DEPUTADO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR
XEFATURA DE SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Deputación de A Coruña

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro de entrada/Número de rexistro de entrada: 202100000008293

Fecha y hora/Data e hora: 15 de diciembre de 2021 7:32

Órgano origen/Órgano orixe: ACTAS, REXISTRO E INFORMACION

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:

CCOO SECCION SINDICAL DA DEPUTACION DE A CORUÑA

Código postal/ Código postal: 15008

País/País:

Teléfono/ Teléfono:

Dirección/ Enderezo: AV CADIZ, 5, Coruña (A), A Coruña

Municipio/ Concello:

Provincia/ Provincia:

Correo electrónico/Enderezo electrónico:

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/ Asunto: SOLICITUD

Resumen/ Resumo: S/ APLICACION HORARIO DE VERAN NO PERIODO DE NADAL

Documentos anexos/Documentos anexos

Nombre/Nome
Solicitude.pdf

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.

CVD: 112200210031010025222 Verificable en la Sede Electrï¿½nica del Organismo.

15/12/2021 10:32:22